

RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER DE GALICIA 2014-2020. CONVOCATORIA DE COOPERACIÓN LEADER 2022-2023. CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO MR710A

I.- Identificación do proxecto

- GDR coordinador: Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos GDR 23
- Nº de Expediente: L22-1930-23-0002
- Titulo: "Rede de Ecocomedores para animar o consumo de produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade"
- GDRs de Galicia participantes no proxecto:

Núm. socios	Nome do grupo do proxecto	Orzamento total subvencionable do grupo	Axuda solicitada (90 %)	Porcentaxe do Orzamento sobre o total do proxecto
1	Asociación Mariñas Betanzos	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
2	Asociación Seitura 22	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
3	Asociación Ulla Tambre Mandeo	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
4	Asociación Terras de Miranda	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
5	Asociación Terra Chá	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
6	Asociación Comarca de Lugo	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
7	Asoc. Montes e Vales Orientais	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
8	Asociación Limia Arnoia	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
9	Asociación Miño Ulla	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
10	Asociación Condado Paradanta	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09
11	Asociación Galicia Suroeste Eurural	11.230,60 €	10.107,54 €	9,09

1

II.- Antecedentes

- O 30/09/2022 o GDR coordinador presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado.
- O 11/11/2022 o equipo técnico do GDR emitiu un informe de control de elixibilidade (ICE), verificado favorablemente pola Agader.

III.- Fundamentos legais

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020; modificado por Addenda asinada entre a Agader e o GDR o 11 de decembro de 2020 pola que se amplia a dotación orzamentaria para os gastos de funcionamento e de animación do GDR ás anualidades 2021 e 2022.

- Resolución do 30 de xullo de 2018 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 30 de xullo de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG núm 153, do 10 de agosto).

- Resolución do 6 de xullo de 2022 (DOG núm. 134, do 14 de xullo. Corrección de erros, DOG núm. 139, do 21 de xullo) pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 28 de xuño de 2022, na que se modifican as citadas bases reguladoras.

- Resolución do 18 de agosto de 2022 (DOG nº 165, do 31 de agosto de 2022) pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2022 e 2023, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Tendo en conta:

- O ICE,
- Os controis administrativos realizados sobre a solicitude de axuda.
- Que a competencia para resolver sobre a concesión das axudas correspóndelle a persoa titular da Dirección Xeral de Agader en virtude do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 13/12/2019.

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



- Que o promotor se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado, coa Seguridade Social, e non ten pendente débeda por ningún concepto coa Comunidade Autónoma de Galicia.

A proposta do subdirector de Relacións cos GDR,

RESOLVO:

Que debe concederse unha axuda ao proxecto sinalado de acordo coas seguintes condicións:

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

PARTIDAS ORZAMENTARIAS	CONCEPTO	PRESENTADO CON IVE	ACEPTADO CON IVE	OBSERVACIÓNS
Gastos de persoal	Persoal para a coordinación do proxecto	17.545,00 €	17.545,00 €	
Desprazamento, manutención, aloxamento	Desprazamentos dentro das actividades do proxecto	4.400,00 €	4.400,00 €	
Accións de información e comunicación (asistencias externas)	Creación logo; placa proxecto, póster plato Harvard, bolsas reutilizables, difusión redes sociais, xornada visitados centros escolares a empresas produtoras, xornadas difusión e divulgación proxecto	16.165,60 €	16.165,60 €	
Asistencias técnicas (asesoramento nutricional, melloras espazo web pedidos, xornadas, formación)	- Deseño e formulación do proxecto (12.100 €) - Asesoramento nutricional a centros escolares (17.908 €) - Formación a persoal de cociña (2.178 €) - Xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico (48.400 €) - Melloras no espazo web de centralización de pedidos (4.840 €)	85.426,00 €	85.426,00 €	
TOTAL		123.536,60 €	123.536,60 €	

3

IVE subvencionable por ser un imposto non recuperable polo promotor.

No Anexo I da presente resolución figura a relación de Grupos de Desenvolvemento Rural beneficiarios da subvención a este proxecto.

2. A puntuación obtida en cada criterio segundo o baremo do grupo é a seguinte:

**AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



GDR COORDINADOR: 23 MARIÑAS BETANZOS
"Rede de Ecocomedores"
Expediente : L22-1930-23-0002 Puntuación: 37 puntos

O proxecto busca traballar con centros educativos, coa finalidade de adaptar os menús ás novas recomendacións sanitarias. Para isto se animará este cambio e se apoiará tecnicamente no "balanceado" dos menús para incluír produto local, de tempada e ecolóxico. Con este proxecto tamén se promocionarán os produtos locais, fomentando o consumo en circuitos cortos e se estará a contribuír á mitigación do cambio climático, pois se minorará a pegada ecolóxica da alimentación, ao tempo que se dinamizará a economía local, fortalecendo a capacidade de produción de pequenos produtores, xeralmente mozos recentemente incorporados.

A.- VALOR ENGADIDO QUE ACHEGUE O PROXECTO DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO LOCAL DOS TERRITORIOS IMPLICADOS.	PUNTUACIÓN MÁXIMA = 40 Puntos	PUNTUACIÓN PROPOSTA: 3 (Suma de puntos: 3)	FUNDAMENTO PARA A OBTEN A PUNTUACIÓN PROPOSTA
			Acadan a puntuación proposta porque o GDR colaborador acredita a experiencia na xestión de proxectos vinculados á mobilización ou recuperación da terra agraria ou outros de similar natureza.(Enlace páxina web do GDR)
Por cada instrumento de mobilización ou recuperación da terra agraria, previsto na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, sobre o que o proxecto teña incidencia directa. 10 puntos (ata un máximo de 20 puntos)	MÁXIMO 20 Puntos	-	Non indican ningún instrumento de mobilización ou recuperación de terra agraria.
Por cada 10 hectáreas sobre as que se actúe no proxecto de cooperación cos instrumentos xurídicos sinalados nesta epígrafe. 1 punto (ata un máximo de 10 puntos)	MÁXIMO 10 Puntos	-	Non indican superficie sobre a que actuará o proxecto.
Por cada GDR de Galicia participante no proxecto de cooperación que incida sobre algún dos instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria sinalados nesta epígrafe. 2 puntos (ata un máximo de 10 puntos)	MÁXIMO 10 Puntos	-	Non o indican.



<p>Experiencia dos grupos solicitantes na xestión de proxectos vinculados á mobilización ou recuperación da terra agraria ou outros de similar natureza.</p> <p>3 puntos por cada GDR participante (ata un máximo de 10 puntos).</p> <p>* Inclúense nesta epígrafe todos os proxectos nos que algún GDR acredite relación directa coa ordenación e/ou xestión de terras e participación na súa xestión.</p>	<p>MÁXIMO 10 Puntos</p>	<p>9</p>	<p>Ten experiencia o GDR coordinador (Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas- Betanzos) na xestión de proxectos vinculados coa mobilización e recuperación de terra agraria. (Xustifícase a través da páxina web do GDR),o GDR Comarca de Lugo e o GDR Condado Paradanta</p>
<p>Implicación de entidades privadas sen ánimo de lucro e/ou de entidades públicas de carácter local ou comarcal no desenvolvemento do proxecto de cooperación, que teñan acreditada experiencia en proxectos de mobilización ou recuperación da terra agraria ou outros de similar natureza.</p> <p>2,5 puntos por cada entidade que acredite unha participación e/ou colaboración (non financeira) demostrable neste tipo de proxectos (ata un máximo de 10 puntos)</p>	<p>MÁXIMO 10 Puntos</p>	<p>-</p>	<p>Nomean a participación do GDR Condado-Paradanta no proxecto de cooperación , tendo unha experiencia na mobilización ou recuperación da terra agraria a través de entidades asociadas como os concellos; pero non o acreditan.</p>
<p>B.- RESULTADOS CONCRETOS A CURTO, MEDIO E LONGO PRAZO QUE DERIVARÁN DIRECTAMENTE DO PROXECTO DE COOPERACIÓN (excluída a creación de emprego).</p>	<p>PUNTUACIÓN MÁXIMA= 10 Puntos</p>	<p>PUNTUACIÓN PROPOSTA: 8 (Suma de puntos: 8)</p>	<p>FUNDAMENTO PARA A OBTEN A PUNTUACIÓN PROPOSTA</p> <p>A puntuación proposta para este apartado propónse a razón dos obxectivos que se pretenden acadar coa realización do proxecto incrementando o consumo de produto de tempada e de proximidade, intentando incidir especialmente no consumo de produto ecolóxico.</p>
<p>Se como consecuencia do proxecto de cooperación se produce unha <u>implantación dun servizo inexistente</u> para a economía e/ou para a poboación ou ben a <u>comercialización dun produto inexistente</u> no ámbito territorial dalgunha das zonas de actuación.</p>	<p>10 Puntos</p>	<p>-</p>	<p>Non se crea servizo de novo.</p>





Se como consecuencia do proxecto de cooperación se constata a <u>mellora dun servizo existente</u> para a economía e/ou para a poboación ou ben a <u>mellora dun produto comercializable xa existente</u> no ámbito territorial dalgunha das zonas de actuación.	8 Puntos	8	Co presente proxecto mellorase o asesoramento nutricional a centros escolares incidindo no consumo de produto ecolóxico e de proximidade, así como a formación ao persoal encargado de cociña
Si se constata calquera <u>outro resultado positivo</u> concreto, constatable e atribuíble directamente ao proxecto de cooperación.	5 Puntos	-	Non indican nada ao respecto.
C.- CREACIÓN DE ESTRUCTURAS PERMANENTES DE COOPERACIÓN COMO RESULTADO DO PROXECTO.	PUNTUACIÓN MÁXIMA= 10 Puntos	PUNTUACIÓN PROPOSTA:0 (Suma de puntos: 0)	FUNDAMENTO PARA A OBTENCIÓN DA PUNTUACIÓN PROPOSTA Non se acredita a creación de estruturas permanentes de cooperación.
Se como resultado do proxecto se crea unha estrutura nova, con vocación de estabilidade e permanencia en materia de cooperación e que, ademais, poida demostrar actuacións concretas e periódicas no tempo (incluso unha vez finalizado o proxecto de cooperación seleccionado). No caso que non se cree ningunha estrutura nova e permanente de cooperación con vocación de permanencia no tempo: 0 puntos	10 Puntos	-	Non se crean estruturas permanentes de cooperación.
D.- INCIDENCIA DO PROXECTO DE COOPERACIÓN NA CREACIÓN DE EMPREGO OU NO MANTENIMENTO DO TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO IMPLICADO.	PUNTUACIÓN MÁXIMA= 15 Puntos	PUNTUACIÓN PROPOSTA: 10 (Suma de puntos: 10)	FUNDAMENTO PARA A OBTENCIÓN DA PUNTUACIÓN PROPOSTA Pola incidencia no sector agrario, promovendo a valorización dos produtos agroalimentarios en concreto os alimentos de tempada e ecolóxicos.
Por cada 0,5 unidades de traballo anual (UTA) creadas outorgaranse 5 puntos. Deberá acreditarse que a creación do emprego está directamente relacionada co proxecto de cooperación. O emprego deberá manterse durante polo menos 1 ano contado desde a data de pagamento final do proxecto.	MÁXIMO 5 Puntos	-	Non cuantifican a creación de emprego.



Se o proxecto está enfocado ou ten relación directa co sector agrario.	5 Puntos	5	Si, ten incidencia directa co sector agrario.
Se o proxecto está enfocado ou ten incidencia directa na valorización dos produtos agroalimentarios dos mercados de proximidade.	5 Puntos	5	Si, ten incidencia directa na valorización dos produtos agroalimentarios dos produtos de proximidade.
E.- INCIDENCIA DO PROXECTO DE COOPERACIÓN NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO AMBIENTE, ASÍ COMO NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.	PUNTUACIÓN MÁXIMA= 10 Puntos	PUNTUACIÓN PROPOSTA:5 (Suma de puntos: 5)	FUNDAMENTO PARA A OBTEN A PUNTUACIÓN PROPOSTA
			O presente proxecto incide na conservación e valorización do ambiente e/ou patrimonio natural e/ou cultural
Se se constata que o proxecto de cooperación incide <u>directamente</u> mediante calquera tipo de investimento físico na conservación e valorización do ambiente e/ou conservación e valorización do patrimonio natural e/ou cultural.	10 Puntos	-	Non se constata que o proxecto incida directamente a través de investimentos físicos na conservación e valorización do ambiente.
Se o proxecto incide dunha maneira <u>indirecta</u> na conservación e valorización do ambiente e/ou patrimonio natural e/ou cultural (por exemplo un estudo, publicacións, informes).	5 Puntos	5	A consecución do proxecto incide de maneira indirecta na conservación e valorización do ambiente.
F) IMPLICACIÓN NO PROXECTO DE ENTIDADES PÚBLICAS OU DE ENTIDADES PRIVADAS DISTINTAS DOS GDR QUE CONTRIBÚAN AO FINANCIAMENTO DO PROXECTO E Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA= 10 Puntos	PUNTUACIÓN PROPOSTA: 0 (Suma de puntos: 0)	FUNDAMENTO PARA OBTEN A PUNTUACIÓN PROPOSTA
			Teñen aportacións de dous participantes (GADIS e AGASS) pero non chegan a ser do 5% dos gastos subvencionables.
Se existen entidades que contribúen ao financiamento do custo do proxecto nunha porcentaxe igual ou <u>superior</u> ao 20 % do custo dos gastos subvencionables del.	10 Puntos		
Se existen entidades que contribúen ao financiamento do custo do proxecto nunha porcentaxe igual ou <u>superior</u> ao 10 % e <u>inferior</u> ao 20 % do custo dos gastos subvencionables del.	7 Puntos		



Se existen entidades que contribúen ao financiamento do custo do proxecto nunha porcentaxe igual ou superior ao 5 % do custo dos gastos subvencionables del. Outorgarase 1 punto por cada 500 euros de aportación ao proxecto.	MÁXIMO 5 Puntos	-	Aportación económica de Gadis e da Asociación Galega de servicios Sociais con un total de 3.000€ (2,43% do orzamento total).
G.- INCIDENCIA DO PROXECTO DE COOPERACIÓN NAS ESTRUTURAS OU ACTIVIDADES LEVADAS A CABO A TRAVÉS DOUTRO/S PROXECTO/S DE COOPERACIÓN DESENVOLVIDO/S NO TERRITORIO A TRAVÉS DA MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA.	PUNTUACIÓN MÁXIMA= 5 Puntos	PUNTUACIÓN PROPOSTA:5 (Suma de puntos: 5)	FUNDAMENTO PARA OBTEN A PUNTUACIÓN PROPOSTA
			Continuidade do proxecto de "ALIMENTOS DE BIOSFERA" presentado na convocatoria anterior.
Se o proxecto supón a continuidade ou o desenvolvemento dunha nova fase que dea continuidade a un proxecto de cooperación levado a cabo previamente a través da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.	5 Puntos	5	Identifican o presente proxecto como continuidade do proxecto de "ALIMENTOS DE BIOSFERA" presentado na convocatoria anterior.
TOTAIS	100	37	

3. O importe da subvención, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0, e a % de axuda desagregado por fontes de financiamento é o seguinte:

Orzamento aceptado	123.536,60 €			
% Axuda	90,00%			
Importe da axuda	111.182,94 €	<i>Distribución por fondos</i>		
		FEADER	75%	83.387,21 €
		MARM	2,5%	2.779,57 €
		AGADER	22,5%	25.016,16 €

O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

ANO	% TOTAL SUBVENCIÓN	IMPORTE
2022	30%	33.354,88 €
2023	70%	77.828,06 €
TOTAL		111.182,94 €



Esta axuda cofinanciase polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, e encádrase na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

4. Esta axuda está amparada en:

Non procede amparar esta axuda en ningún regulamento de exención.

5. Esta axuda é incompatible con calquera outra que, para o mesmo proxecto e finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader, encadrada en calquera das outras medidas do PDR de Galicia 2014-2020.

6. O prazo de execución e xustificación remata o 15 de outubro de 2023. Para os gastos correspondentes á anualidade 2022, o prazo de execución e xustificación dos mesmos rematará o 20 de decembro de 2022. Cando non se xustifique a totalidade do investimento ou gasto aprobado na resolución de concesión, o investimento certificarase aplicando ao investimento ou gasto subvencionable xustificado a porcentaxe de subvención concedida, sempre e cando o investimento xustificado cumpra a finalidade ou obxectivo para o que se concedeu a axuda.

7. O pagamento efectuarase na conta bancaria designada a tal efecto polo beneficiario. Non se efectuarán pagamentos anticipados. Poderán realizarse pagamentos á conta de conformidade co disposto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos 62 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, sempre e cando o importe de axuda solicitado sexa superior a 25.000 euros. O número de pagamentos á conta non poderá ser superior a tres por cada expediente.

8. O grupo coordinador é o responsable final da execución do proxecto e o interlocutor coa Agader para proporcionar toda a información requirida. Coa aceptación desta axuda o beneficiario asume as obrigas sinaladas, con carácter xeral, na Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009 e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actuación que fundamentou a concesión da axuda, de conformidade coa documentación presentada na solicitude e coas condicións sinaladas na resolución de concesión.
- b) Garantir a permanencia dos investimentos e o cumprimento da finalidade do proxecto durante polo menos 5 anos contados desde a data de notificación da resolución de pagamento final do proxecto.
- c) Comunicar á Subdirección de Relacións cos GDR, a través do grupo coordinador ou, se for o caso, do grupo coordinador específico para Galicia, calquera eventualidade que poida alterar ou dificultar o desenvolvemento das actuacións subvencionadas, co fin de que poida modificarse o contido ou a contía da resolución, que, en todo caso, necesitará

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



- autorización da Dirección Xeral da Agader. A comunicación deberá realizarse, como máximo, no prazo dun mes desde que o beneficiario teña coñecemento da eventualidade.
- d) Facilitar á Administración autonómica, estatal ou comunitaria a información que esta solicite sobre a actuación subvencionada, conforme o artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - e) Comunicar de inmediato á Subdirección de Relacións cos GDR da Agader e, en todo caso, con anterioridade á xustificación, calquera subvención, axuda ou ingreso que para a mesma finalidade e de calquera procedencia solicitase ou lle fose concedida ou pagada.
 - f) Someterse ás medidas de control e fiscalización que leve a cabo a Agader, así como ao control financeiro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou doutros órganos de control nacionais ou comunitarios.
 - g) Conservar os documentos xustificativos en tanto poidan ser obxecto de comprobación e control.
 - h) Comprometerse a levar a contabilidade relacionada co proxecto de cooperación segundo a normativa vixente que lle sexa aplicable.
 - i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, xunto cos seus xuros de demora, nos supostos previstos na normativa aplicable.
 - j) Calquera outra obrigaición imposta aos beneficiarios na normativa nacional ou autonómica aplicable.
 - k) Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas á operación subvencionada.
 - l) Proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegase, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación completa do proxecto de cooperación.

10

Os bens subvencionados quedarán afectos á operación subvencionada un mínimo de cinco anos desde a resolución do pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. No caso de que se subvencionen gastos dos cales resulten estudos, publicacións ou outros de natureza similar, garantirase o acceso de calquera interesado ao seu contido durante un período mínimo de tres anos contados desde a data da resolución do pagamento final do expediente. Neste senso, a Agader poderá en calquera momento requirir ao beneficiario que facilite a súa entrega coa finalidade da publicación na web da Agader.

- m) Xustificar debidamente os gastos realizados, tendo en conta que, como norma xeral, só serán subvencionables os gastos realizados con posterioridade á data da solicitude de axuda, e efectivamente pagados antes do remate do prazo de execución e xustificación concedido. O grupo coordinador, ou o grupo coordinador específico para Galicia se for o caso, centralizará toda a información financeira e xustificativa do proxecto e presentará a solicitude de pagamento (anexo IX) ante a Agader na forma descrita no artigo 19.1 das bases reguladoras e no prazo de execución e xustificación que establece a resolución de concesión. Na citada solicitude de pagamento, indicaranse os gastos preparatorios do proxecto e especificaranse claramente as actuacións conxuntas e as individuais, coa nomenclatura, estrutura e orzamento do proxecto aprobado e, se for o caso, a distribución destes gastos que se imputan aos grupos cooperantes que participasen na execución do proxecto. Deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos



que complementan as axudas reguladas nestas bases reguladoras. A xustificación da axuda adoptará, en aplicación do artigo 32.4 das bases reguladoras, a forma de conta xustificativa, á cal se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para xustificar as actividades realizadas, presentaranse documentos orixinais das facturas correspondentes cun comprobante de pagamento. A data das facturas e xustificantes de pagamento deberá situarse dentro do prazo máximo para a xustificación do proxecto de cooperación. Os xustificantes deben indicar con toda claridade a que conceptos do orzamento previsto, presentado na solicitude e aceptados na resolución de concesión de axuda, se refiren.

Para a xustificación dos gastos derivados da resolución de concesión de axuda, será esixible, no seu caso, en función dos gastos imputados, a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na Instrución nº 1/2021 sobre a aplicación da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aos GDRs pola súa condición de poderes adxudicadores que non teñen a condición de Administración Pública (PANAP).

Cando o cumprimento polo grupo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total da actividade a que se comprometeu no documento vinculante e resulte acreditada por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a Agader determinará a contía que corresponda pagar, atendendo ao principio de proporcionalidade e aos seguintes criterios:

- a) O grao de cumprimento da finalidade do proxecto.
- b) O nivel de execución final sobre o total prevista para o proxecto.
- c) Calquera outro criterio que deba ser apreciado segundo as circunstancias do caso concreto e a natureza da axuda.

11

Tendo en conta o que antecede, resolvo conceder unha axuda ao proxecto sinalado, en base aos datos do proxecto, fundamentos legais e condicións da axuda descritos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela
O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 13/12/2019)

A directora xeral da Agader
(Asinado electronicamente)
Inés Santé Riveira

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



ANEXO I. RELACIÓN DE PROXECTOS PARA OS QUE SE PROPÓN A SUBVENCIÓN PROXECTOS DE COOPERACIÓN LEADER MEDIDA 19.30

Expediente	Solicitante	NIF	Data solicitude	Puntos	Orzamento	Importe da axuda	Anualidades Axuda	
							2022 (30%)	2023 (70 %)
L22-1930-23-0002	GDR-23 MARIÑAS BETANZOS (Coordinador)	G-70180807	30/09/2022	37	11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-2402	GDR-24 SEITURA 22	G-70492186	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-2002	GDR-20 ULLA TAMBRE MANDEO	G-70202825	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-0102	GDR-01 TERRAS DE MIRANDA	G-27271402	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-0202	GDR-02 TERRA CHÁ	G-27383496	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-0402	GDR-04 COMARCA DE LUGO	G-27481662	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-0302	GDR-03 MONTES E VALES ORIENTAIS	G-27389139	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-1002	GDR-10 LIMIA ARNOIA	G-32390270	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-0502	GDR-05 MIÑO ULLA	G-27384999	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-1302	GDR-13 CONDADO PARADANTA	G-36591089	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
L22-1930-23-1402	GDR-14 EURURAL	G-36889780	30/09/2022		11.230,60 €	10.107,54 €	3.032,26 €	7.075,28 €
TOTAL					123.536,60 €	111.182,94 €	33.254,86 €	77.828,08 €

12

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

